



Suxestión dirixida ao Concello de Láncara para que se proceda a ditar e notificar á reclamante unha resolución expresa sobre a solicitude de falta de subministro eléctrico dunha farola de alumado público, con indicación expresa dos recursos que procedan contra dita resolución.

Expediente: N.9.Q/4131/21

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2021.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por [REDACTED] en relación á falta de resposta do Concello de Láncara ás solicitudes de reposición de alumado público

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data **28 de setembro de 2021**, D^a, xxxxxxxx **presenta escrito de queixa** ante a Valedora do Pobo, no que expón como motivo da mesma que:

“Tenemos una casa en el municipio de Láncara, provincia de Lugo. Delante de la casa hay una farola de alumbrado público que no funciona desde hace más de 3 años. La farola ilumina la entrada de la casa, la cual está situada delante de una carretera muy transitada, y la falta de alumbrado público la deja totalmente desprotegida, sobre todo a sus habitantes. La casa está situada en un extremo del pueblo y la falta de alumbrado público pone en riesgo a los habitantes y al inmueble. Hace 3 años, unas obras de la carretera averiaron el poste de alumbrado de delante de la casa, y el ayuntamiento decidió desviar el alumbrado de delante de casa y canalizarlo hacia otra vivienda del municipio, dejando el foco de alumbrado público sin conexión eléctrica y dejándonos sin servicio de alumbrado público, con el riesgo de seguridad, especialmente seguridad vial, que ello conlleva. En un primer momento comunicamos el incidente, verbalmente, al ayuntamiento de Láncara. Dado que no

obtuvimos resposta, el mes de agosto de 2019 lo comunicamos por escrito. En ningun caso hemos obtenido respuesta. El pasado mes de agosto de 2020 hemos vuelto a comunicar por escrito el incidente, y hemos hecho denuncia a la Guardia Civil para poner en conocimiento de ésta el riesgo de seguridad que la falta de alumbrado público conlleva; la casa está muy cerca de la carretera y la falta de alumbrado desprojeje a sus habitantes, primero por el riesgo que supone salir y entrar a la casa, también la inseguridad que comporta tener una vivienda sometida a la oscuridad total, además de la conculcación del derecho a disfrutar del derecho a alumbrado público.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello.

TERCEIRO.- O Concello de Láncara, remítenos o certificado expedido pola secretaria interventora do concello no que se fai constar o seguinte:

“ Certifico que:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 11 de novembro de 2020 adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe:

"6.- Escritos varios.

6.7.-0 da Valedora do Pobo, solicitando información sobre o problema de dona xxxxxx cunha farola de alumbrado público (expte. 455/2019), expediente N.9.Q/4130/20.

Antecedentes.-

Pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no ano 2018 foron executadas obras na estrada Pobra de San Xiao-Láncara, sendo necesario para execución de ditas obras desconectar o cable da farola, e que este non foi conectado de novo, sendo ésta a causa da falta de servizo para a vivenda da interesada.

Mediante acordo de 28 de agosto de 2019, esta xunta de goberno local acordou dar traslado desta circunstancia ó servizo de Infraestruturas de Lugo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para que repoñan o alumbrado público para a vivenda sita en xxxxxx deste termo municipal.

Consta confirmado o envío mediante SIR co código 000020559 19 00000067 á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo alcalde con data 26 de xuño de 2019 (BOP Lugo de 12 de xullo de 2019) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dar traslado deste informe á Sra. Valedora do Pobo quedando á disposición desa institución para aclarar calquera dúbida que poida suscitarse.

Dar traslado á Xefatura territorial de Lugo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da queixa presentada por dona xxxxxx, sobre o alumeado público en xxxxxx de Láncara".

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do señor alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, en Láncara na data da sinatura electrónica á marxe".

CUARTO.- Tendo en conta o exposto no punto anterior, con data 8 de xaneiro de 2021, nos diriximos á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xefatura Territorial de Lugo para solicitar desa entidade que con urxencia se facilite información sobre os anteriores extremos.

QUINTO.- Con data 1 de febreiro de 2021, recíbese nesta institución, informe emitido polo xefe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, no que se fai constar o seguinte:

" Asunto: Queixa por desconexión de farola de alumeado público na Pobra de San Xiao

En relación ao Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Láncara do día 11 de novembro de 2020, no que se dá conta da queixa presentada por dona xxxxxxxx por unha farola de alumeado sen subministración eléctrica e se dá traslado da mesma a este servizo provincial indicando que dita farola foi desconectada debido ás obras executadas na estrada Pobra de San Xiao - Láncara, informamos o seguinte:

Para a execución da obra "Reforzo de firme localizado nas estradas LU- 613, LU- 621, entre outras", clave LU/17/119.02, non foi necesario desconectar ningunha

farola, polo que este servizo provincial non é o responsable da avaría que poida ter a citada instalación, e tendo en conta que a Axencia Galega de Infraestruturas non ten competencias sobre alumado público, tampouco é o competente para a súa reparación.”

Xunto co informe do Xefe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas transcrito, recibimos tamén o informe da Xefa Territorial que lle remitíu ao concello e segundo o cal:

“ A12024983

ASUNTO: Queixa por desconexión de farola de alumado público na Pobra de San Xiao.

En relación co seu escrito de data 26 de novembro de 2020 no que fai referencia á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de novembro, na que se acordou dar traslado da queixa presentada por dona xxxxxx debido á falta de subministración eléctrica dunha farola de alumado público, como consecuencia de actuacións realizadas na estrada Pobra de San Xiao-Láncara; unha vez feita a consulta co servizo correspondente, informámoslle que para a execución da obra "Reforzo de firme localizado nas estradas LU-613, LU-621, entre outras", clave LU/17/119.02, non foi necesario desconectar ningunha farola, polo que o dito servizo non é o responsable da avaría que poida ter a citada instalación, nin ten competencias sobre o alumado público nin tampouco é competente para a súa reparación.

O que se lle comunica aos efectos oportunos”.

SEXTO.- Con data 7 de marzo de 2021, a reclamante presenta un novo escrito no que fai constar o seguinte:

“ De la respuesta del Ayuntamiento de Láncara se desprende que este ayuntamiento no se siente interpelado ante la falta de alumbrado público de una vivienda de su municipio, y no tiene previsto actuar para restituir dicho servicio esencial puesto que considera responsable de la falta de suministro a la Jefatura Territorial de Lugo, da Consellería de infraestruturas e Mobilidade.

Por ello, expongo;

La ley Reguladora de Bases de Régimen Local, en su artículo Artículo 26. 1. establece que "Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: a) En todos los Municipios: alumbrado público cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas". Por ende, el alumbrado público es un servicio esencial que todos los municipios deben suministrar, sea cual fuere la circunstancia que pudiera interrumpir su suministro.

Del citado texto se desprende que el Ayuntamiento de Lán cara debería restablecer inmediatamente el servicio de alumbrado público, al margen de las responsabilidades patrimoniales que considere reclamar, y ,de no ser así, estaría incumpliendo la normativa y vulnerando el derecho de igualdad de esta vivienda, y por lo tanto de sus habitantes, en relación al resto de habitantes del municipio. Al no asumir su responsabilidad nos está dejando a la suerte de cualquier otra administración que, aún pudiendo ser responsable del siniestro, no tiene responsabilidades en este extremo.

No sabemos si la Xefatura Territorial de Lugo, da Conselleria de Infraestruturas e Mobilidade ha reconocido la responsabilidad que se le imputa por lo que el expediente de responsabilidad patrimonial ejercido contra ella no tiene por qué evacuarse de forma diligente, por lo que el ciudadano no debería, en ningún caso, ser víctima del proceso administrado.

Además de la vulneración del principio de legalidad y del principio de igualdad, la inactividad por parte de este ayuntamiento está poniendo en riesgo la seguridad vial de los habitantes de la vivienda, la cual está ubicada a escasos 2m de una carretera y justo al lado de una doble curva sin visibilidad.

La falta de alumbrado público se produjo en la primavera del 2018, el Ayuntamiento de Lán cara no abrió expediente de responsabilidad patrimonial hasta el mes de agosto de 2019, y después de insistir y solicitar por escrito la restitución del servicio por nuestra parte aún nos encontramos sin alumbrado público. Es más, este Ayuntamiento no solo no ha restituido el servicio sino que ha desviado el tendido eléctrico hacia el pajar de una casa de aperos "palleira" deshabitada, dejando la vivienda en cuestión totalmente a oscuras.

Por todo ello, solicito que la Defensora do Pobo Galego que tenga en cuenta esta exposición y considere la oportunidad de solicitar al Ayuntamiento de Lán cara la restitución inmediata del alumbrado, lo cual no exime que simultáneamente

dicha administración pueda dirimir responsabilidades con la la Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de infraestruturas e Mobilidade a través del correspondiente expediente de responsabilidad patrimonial.

Le agradezco de antemano su interés y mediación en la resolución de este asunto”.

SÉTIMO.- Por todo o exposto dirixímonos de novo a ese concello, requirindo que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei da Valedora do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a queixa.

OITAVO.- Con data 30 de abril de 2021, recíbese nesta institución, certificación do acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 24 de marzo de 2021, segundo o cal:

“xxxxxxxxxx, secretaria interventora do Concello de Láncara

Certifico que:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 24 de marzo de 2021 adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe:

"5.- Escritos varios.

5.1.- O da Valedora do Pobo, solicitando información sobre o problema de dona xxxxxxxxxxxx cunha farola de alumeadado público (expte. 455/2019), expediente N.9.Q/4130/20.

A Xunta de Goberno Local, no exercizo das competencias delegadas polo alcalde con data 26 de xuño de 2019 (BOP Lugo de 12 de xullo de 2019) por unanimidade e en votación ordinaria, informa:

Que tratará de repoñer o alumeadado á menor brevidade posible".

NOVENO.- Tendo en conta o exposto, con data 8 de xuño de 2021, procedemos á conclusión do expediente, facendo a seguinte observación:

" Se no prazo de tres meses o Concello de Láncara non repón o alumado referido no seu escrito de queixa , poderán solicitar de novo a intervención desta institución".

DÉCIMO.- Con data 27 de setembro de 2021, a reclamante presenta un novo escrito no que fai constar o seguinte:

" En relación al expediente arriba referenciado, comunicarle que, pasados 3 meses de la fecha establecida en su comunicación anterior, el Ayuntamiento de Láncara (Lugo) aún no ha restablecido el alumbrado público. Por ello, me vuelvo a comunicar con esta institución para solicitar su apoyo ante el abuso de esta administración (en este caso el ayuntamiento de Láncara - Lugo).

Ruego, por favor, tome las medidas pertinentes para que esta ayuntamiento actúe con diligencia y no utilice sus competencias municipales contra los conciudadanos, prevaricando y haciendo uso abusivo de sus competencias Muchas gracias".

UNDÉCIMO.- Con data 30 de setembro de 2021 procedemos á reapertura do expediente, requirindo novamente dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei da Valedora do Pobo, nos facilite información das previsións que ten o concello para facer efectivo o alumado público solicitado pola reclamante.

DECIMOSEGUNDO.- Con data 2 de novembro de 2021, recíbese nesta institución certificación do acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 13 de outubro de 2021, no que se fai constar o seguinte:

" xxxxxxxxxx , secretaria interventora do Concello de Láncara Certifico que

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 13 de outubro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe:

"4.- Escritos varios.

4.3.- O da Valedora do Pobo, solicitando información sobre as previsións que ten o concello para facer efectiva a colocación da farola de alumado público de dona xxxxxxxx, (expte. 455/2019), expediente N.7.Q/4130/20.

A Xunta de Goberno Local, no exercizo das competencias delegadas polo alcalde con data 26 de xuño de 2019 (BOP Lugo de 12 de xullo de 2019) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Informar que a reposición do poste de alumado público farase en función das dispoñibilidades presupostarias, xa que hai moitas necesidades de zonas do concello aínda sen alumado público".

Polo exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25 establece , no apartado 1, que:

"1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo".

SEGUNDA.- O artigo 26 .1.a) do mesmo texto legal, establece que: establece que:

*"1. Os **Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:***

*a) En **tódolos Municipios: alumado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, aceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas".***

TERCEIRA.- Para o cumprimento dos fins encomendados á Administración local, o ordeamento xurídico atribúelle unha serie de facultades que son as potestades administrativas .

Así, as Entidades Locais, como administracións territoriais sobre as que se organiza o Estado (art. 137 de la Constitución), necesitan da atribución dunhas facultades (potestades) para poder cumprir coas competencias que se lles atribúen.

CUARTA.- Tendo en conta o exposto no punto anterior, cómpre destacar que, é unha potestade discrecional do concello decidir o lugar onde se ubican os puntos de iluminación e precisamente por esa discrecionalidade, trátase dun acto que debe motivarse debidamente,

e máis no caso de oposición por parte dos cidadáns. Elo significa que non é suficiente cunha xustificación xenérica, senón que é preciso xustificar ante o cidadán por qué é esa ubicación e non outra a que a corporación municipal considera correcta, e cales son as razóns para elo, polos motivos que a Administración local considere.

Esa resposta na que se ten que xustificar o motivo polo que se procede á instalación de puntos de iluminación nun lugar e non noutro, ten que ser unha resolución administrativa, con indicación da competencia, e os recursos que procedan contra a mesma, dacordo co disposto na lexislación en materia de procedemento administrativo, de forma que o cidadán se poda opoñer, polos cauces adecuados, á actuación municipal se considera que esta non é correcta.

CUARTA.- No caso concreto que nos ocupa, da queixa presentada pola reclamante e o informe emitido pola Administración, dedúcese:

1º.- Non se deu solución ao problema do punto de luz solicitado pola reclamante.

2º.- A reclamante non recibiu ningunha contestación por escrito ás súas solicitudes.

Por todo o exposto ata agora, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Láncara a seguinte

SUXESTIÓN

Que se proceda a dictar e notificar á reclamante unha resolución expresa sobre a solicitude de falta de subministración eléctrica dunha farola de alumeadado público, con indicación expresa dos recursos que procedan contra dita resolución.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación das mesmas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditaron as presentes resolucións, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo